

## **PROBAS DE ACCESO AOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E GRAO SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL 2018**

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicou no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 8 de febreiro as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2018.

### **Probas de acceso a ciclos formativos de grao medio**

#### **Requisitos:**

- Persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a un ciclo formativo de grao medio e teñan 17 anos ou os fagan durante o 2018

**Prazo de inscrición:** Do 12 ao 23 de marzo de 2018, ambos os dous incluídos.

### **Probas de acceso a ciclos formativos de grao superior**

#### **Requisitos:**

- Persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a un ciclo formativo de grao superior e teñan 19 anos ou os fagan durante o ano 2018

**Prazo de inscrición:** Do 8 ao 23 de febreiro, ambos os dous incluídos.

ENLACE Á CONVOCATORIA DO DOG:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180208/AnuncioG0164-310118-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180208/AnuncioG0164-310118-0001_gl.pdf)

Máis información:

Orientadora Laboral

Rúa da Capela nº 13 Serra de Outes

Tfno.: 981 851 094

Atención ó público: Mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h

## PROBAS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO PARA MAIORES DE 18 ANOS

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicou unha resolución no DOG (Diario Oficial de Galicia) do 23 de xaneiro pola que se convocan as **probos para a obtención do título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) para maiores de 18 anos, nas convocatorias de maio e setembro.**

### Requisitos das persoas aspirantes:

- Ter cumpridos os 18 anos o día anterior á data de realización da proba.
- Non estar en posesión do título de graduado en educación secundaria.
- Non estar nin ter estado matriculadas no curso 2017/2018 nas ensinanzas de educación secundaria ordinaria nin nas de formación profesional básica.
- O alumnado matriculado durante o curso 2017/18 na educación secundaria para persoas adultas poderá inscribirse nas probas se previamente cumpre as seguintes condicións:
  - Para acudir á primeira convocatoria, o alumnado ten que solicitar a baixa nas ensinanzas do segundo cuadrimestre. Así mesmo, as persoas con ámbitos do primeiro cuadrimestre sen superar deberán renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.
  - Para inscribirse na segunda convocatoria, o alumnado con ámbitos suspensos no segundo cuadrimestre ten que renunciar á avaliación extraordinaria deses ámbitos.

O incumprimento dalgún destes requisitos suporá a anulación da inscrición na convocatoria das probas e dos posibles resultados académicos obtidos nelas.

### Prazos de matrícula:

- **Convocatoria de maio: do 12 ao 23 de marzo** de 2018, ambos os dous incluídos
- **Convocatoria de setembro: do 2 ao 9 de xullo** de 2018, ambos os dous incluídos

As persoas matriculadas para a primeira convocatoria, se non superan a totalidade dos ámbitos da proba, consideraranse matriculadas para a segunda convocatoria sen que teñan que presentar nova documentación.

**Resolución do DOG:** [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180123/AnuncioG0164-110118-0001\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20180123/AnuncioG0164-110118-0001_gl.pdf)

Máis información:

Orientadora Laboral

Rúa da Capela nº 13 Serra de Outes

Tfno.: 981 851 094

Atención ó público: Mércores, xoves e venres de 08:00 a 15:00 h